



Unidade de Hospitalización 1D

GUÍA PARA PACIENTES





- 1** Qué necesita traer?
- 2** Alimentación e horarios das comidas
- 3** Normas de convivencia
- 4** Acompañamento pacientes
- 5** Hixiene personal
- 6** Contactar coas habitacións
- 7** Máquinas de tarxetas para televisión e internet
- 8** Información médica
- 9** consentimento Informado
- 10** Alta hospitalaria
- 11** Servizos do centro

Benvido á Unidade de Uroloxía e Otorrinolaringoloxía, localizada na vela D do 1º andar do Hospital Álvaro Cunqueiro (HAC). O persoal da unidade deséxalles unha pronta recuperación.

1 Que necesita traer?



- Informes médicos do seu tratamento actual.
- Listaxe de medicación: Traia ao Hospital unha listaxe da medicación que toma no seu domicilio e entréguea ao seu médico ou ao persoal de enfermaría. Unha vez valorada, decidirse se a continúa ou debe modificarse. En calquera caso nunca tome medicación pola súa conta.
- Información sobre alerxias, se as padece.
- Bolsa de aseo, con cepillo e pasta de dentes, peite, espuma de afeitar... Bata e zapatillas. Pola súa seguridade, recomendámoslle a utilización de zapatillas pechadas, debe evitar as abertas.
- Se os utiliza: lentes, audífonos e próteses dentais.

2 Alimentación



O paciente só debe tomar os alimentos que lle sirvan no centro. Comer fóra dos horarios e do menú establecido polo seu médico pode ser prexudicial para a súa saúde. É importante que as súas visitas non lle traian alimentos, nin consuma produtos das máquinas expendedoras sen autorización.

Se o paciente ten unha dieta basal (normal), poderá elixir menú con un día de antelación na pantalla do seu cuarto ata as 11:00 horas.

HORARIOS DAS COMIDAS

Almorzo: 8:30 a 9:30

Comida: 12:30 a 13:30

Merenda: 16:30 a 17:30

Cea: 20:30 a 21:30




3 Normas de convivencia



- É importante preservar a intimidade dos demais pacientes.
- Ser respectuoso cos demais pacientes e co persoal.
- Manter a orde da habitación; evite acumular revistas, periódicos ou outros obxectos.
- A cama é de uso exclusivo del paciente, así como o baño da habitación. As visitas farán uso do baño que se encontra fóra da unidade no corredor central.
- Se necesita algo debe chamar ao timbre.
- Debe permanecer sempre na planta na que está hospitalizado.
- Os cambios de quenda dentro da unidade (8-15-22 horas) son necesarios para garantir os coidados, por iso evite interrupcións innecesarias nese horario, así como durante o reparto da medicación.
- Está estritamente prohibido fumar en calquera parte do recinto hospitalario.
- Se o desexa poderá traer auriculares para a TV.

4 Acompañamento pacientes



Como paciente ten o dereito de estar acompañado por unha persoa da súa elección.

*agás situacións especiais nas que deberá seguir as instrucións dadas nese momento.

O acompañante deberá permanecer na sala de espera da unidade nos momentos en que deba abandonar o cuarto por realización de coidados ó paciente. Non está permitido permanecer nos corredores.

Será necesario que nos facilite o teléfono do seu acompañante para poñernos en contacto con el/ela en caso de que sexa necesario.

Non é recomendable que nenos menores de 12 anos acudan ao hospital, así como persoas maiores de 70 anos.

Os acompañantes dos pacientes que vaian ser intervidos cirúrxicamente, esperarán na sala de espera cirúrxica situada na planta cuarta, onde serán informados polo médico correspondente una vez remate a intervención cirúrxica.

Todas estas normas poderán ser modificadas en determinadas situacións sanitarias.

5 Hixiene persoal



- Facilitarémoslle pixama ou camisón e toallas. Manteña unha boa hixiene persoal.
- Lave as mans con frecuencia e lembre ás súas visitas que fagan o mesmo.
- Utilice os dispensadores de solucións para hixiene de mans dispoñibles, como mínimo á entrada e saída do cuarto.

6 Contactar coas habitacións



- Utilice o 986 811 100 para chamar á habitación que desexa a través dos operadores da centraliña.
- Para conectar directamente marque:
986 811 100 + VHHHC
V= número da Vela
HHH= número da habitación
C = número da cama
- A cada vela correspóndelle un número:
VELA A=1, B=2, C=3, D=4, E =5, F=6
Exemplo, a extensión da Vela D, habitación 109, cama 1 é: 41091.

7 Máquinas de tarxetas para TV e Internet



- Para ver a televisión nas habitacións é necesario adquirir unha tarxeta prepago.
- As máquinas expendedoras están situadas en todas as plantas de hospitalización, ao lado dos ascensores de público (agás as de Psiquiatría e Pediatría).
- A tarxeta pódese cargar con 10 ou 20 euros.
- O saldo que non gaste durante a estancia devólvese nas máquinas situadas na planta 0, próximas aos ascensores de público nas velas A,C e E.
- O acceso á WIFI de cortesía concédese soamente a pacientes de longa estancia. Se este é o seu caso, solicite o acceso á supervisora da planta.

8 Información médica



Para garantir o seu dereito á confidencialidade, a súa información clínica soamente se lle facilitará a vostede ou á persona que designe.

Deben respectar o horario establecido para recibir a información.

Uroloxía: durante o pase de visita ao longo da mañá.

Otorrinolaringoloxía: durante o pase de visita, habitualmente entre as 9-12 horas.

LEMBRE: O equipo de enfermería non está autorizado a dar ningún tipo de información médica nin de forma presencial nin por teléfono.

9 Consentimento informado



Durante a súa estancia pode ser necesaria a práctica de probas ou exploracións. O médico informarao da necesidade da súa realización e os riscos inherentes ás mesmas. Vostede deberá formalizar a súa autorización, asinando o documento de Consentimento Informado. Pregúntelle ao médico todas as súas dúbidas para que teña unha información completa e adecuada que lle permita tomar a decisión que considere máis oportuna.

10 Alta Hospitalaria



O seu médico decidirá cando lle dan a alta hospitalaria. Se por algún motivo desexa abandonar o hospital en contra do criterio do seu médico, deberá asinar o documento de Alta Voluntaria. O día da alta recibirá un informe de todo o seu proceso e do tratamento que debe seguir se fose preciso.

Por favor, lea detidamente o informe e pregunte as dúbidas que poida ter.

Trala súa alta, a enfermeira do seu centro de saúde contactará telefonicamente con vostede nun prazo de 72 horas, para interesarse polo seu estado.

Se necesita unha revisión do especialista, facilitaranlle a cita para que acuda á consulta do hospital.

11 Servizos do Centro



ATENCIÓN AO PACIENTE: Suxestións e reclamacións: planta 0, letra B. Horario: 9:30 - 14:00 horas.

ADMISIÓN: Xustificantes de ingreso: planta 0 vela A.

CAFETERÍAS:

- Planta 0 vela C
- Planta -1 Entrada principal de Consultas externas